

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, dun posto de praza de técnico/a de luces (código do posto ED.A19.40.801.15001.053)

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva de avaliación de méritos por orde de prelación da puntuación obtida, das persoas admitidas.

O tribunal nomeado mediante Resolución, do 04.04.2025, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 27.05.2025,

ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de avaliación de méritos por orde de prelación, relacionada no **Anexo I**, segundo a puntuación obtida en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento e tras o estudo das alegacións recibidas á Resolución provisional de listaxe de avaliación de méritos de data 19.05.2025, quedando desestimadas o resto das solicitudes ou alegacións.

Segundo .- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios do centro .

Terceiro.- Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, á persoa aspirante con maior puntuación acadada, para que presente a documentación requirida para a formalización do corresponde contrato de traballo, así como das altas tanto en nómina como na seguridade social, mediante a Sede electrónica da Xunta da Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cuarto.- Se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación no prazo establecido ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar, no mesmo prazo do punto anterior, a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Quinto .- Contra este acordo, que non esgotará a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia e no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María Angeles Antón Vilasánchez

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal · industriasculturais.xunta.gal



ANEXO I- LISTAXE DEFINITIVA DE AVALIACION DE MÉRITOS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA

	SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
1	GIRALDO BATALLAN, ANGEL RAUL	***6726**	3,3
2	MAS IBAÑEZ, OCTAVIO	***6944**	3
3	YERAY GONZALEZ RODRIGUEZ	***9807**	0,1
4	GARCIA NIÑEZ, DANIEL	***8086**	0
5	GONTÁN FERNANDEZ, ANTONIO	***9910**	0
6	PAIS REY, DANIEL	***6012**	0
7	PARDAL BARREIRO, MARCOS	***8455**	0
8	RODRIGUEZ ARIAS, JESUS JOSE	***2769**	0

